

Tema 6. As máquinas (Páxina 120).

Ola chicos e chicas. Que tal estades?

Hoxe imos comezar co último tema de Ciencias Naturais, o tema 6, que trata sobre a tecnoloxía, as máquinas e a electricidade.

As máquinas

As **máquinas** son un conxunto de mecanismos que nos permiten aproveitar diferentes formas de enerxía para reducir o noso esforzo. Hai dous **tipos de máquinas**:

- **As máquinas simples:** están formadas por unha ou poucas pezas. Algúns exemplos son o *plano inclinado*, a *polea* e a *panca*.
- **As máquinas compostas:** están formadas por varias pezas, e algunhas delas poden ser outras máquinas. Cada peza denomínase **operador** e poden ser *enerxéticos* ou *mecánicos*.

ACTIVIDADES: Primeiro, lede as páxinas 118 e 119 nas que se introduce o tema. Despois lede varias veces a páxina 120 e contestade as seguintes preguntas.

1. Que é unha máquina?
2. Cal é a diferenza entre as máquinas simples e as compostas?
3. Que é unha panca? Debuxa no teu caderno un exemplo de cada un dos tipos de pancas.
(Páx. 121 do libro)
4. Que é unha engranaxe? Cal xirará máis rápido, a grande ou a pequena? (Páx. 121 do libro)
5. Cres que un parafuso é unha máquina simple ou composta? Por que? (Páx. 121 do libro)

E por hoxe nada máis. O xoves seguimos con máis.

Bicos virtuais.